Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

EXP.: 2025/E001/000014

ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 3 de outubro de 2027, resolveu o seguinte:

"**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Asunto: Proposta de nomeamento dunha praza de Técnico/a de Deportes reservada a persoal laboral fixo, no marco do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por quenda libre e en execución da Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Miño para o ano 2025.

En data 28 de outubro de 2026 publícase no Taboleiro de anuncios do Concello de Miño e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, a puntuación definitiva do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de Técnico/a de Deportes por quenda libre, reservada a persoal laboral fixo, en execución da Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Miño para o ano 2025 aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19 de marzo de 2025 (BOP núm. 56 do 24.03.2025).

Vista a proposta do tribunal de selección da relación de persoas que superaron o proceso selectivo, e de conformidade co establecido na base décima das bases da convocatoria, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

Primeiro.- Propoñer como persoal laboral fixo descontinuo do Concello de Miño, a seguinte aspirante aprobada no proceso selectivo convocado da praza de **TÉCNICO/A DE TURISMO:**

Denominación da praza	Tipo	Nomeado
Técnico/a de Turismo	Laboral fixo	Alejandro García Mosquera (DNI: **1140***)

Segundo.- Conceder un prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación da presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño, para presentar no Rexistro xeral do Concello de Miño os documentos establecidos na base décima das bases reguladoras do proceso de selección.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e dar conta da presente resolución ao primeiro Pleno ordinario que se celebre."

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público

CVD: G9jHFgN8Yj4pqgeoEirH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/

Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

EXP.: 2025/E001/000014

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

CVD: G9jHFgN8Yj4pqgeoEirH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público